



Publicado no BOP nº 160, de data 14/07/04, anuncio relativo á aprobación inicial da modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, e non presentándose reclamacións durante o período de exposición pública, enténdese definitivamente aprobado, procedendo á publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

O seu texto é o que a seguir se transcribe:

## **ESTATUTOS DO AUDITORIO DE GALICIA**

### **PREÁMBULO**

A modificación da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 7/1985 de 2 de abril, pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local fai necesario que en aplicación da Disposición Transitoria Terceira introducida por esta última, que o Pleno do concello, nun prazo de seis meses desde a entrada en vigor da Lei citada, adecúe os organismos autónomos e adapte os seus estatutos ao réxime xurídico que se prevé no artigo 85 bis da LRBRL.

Así mesmo, téñense en conta para adaptar estes estatutos, as modificacións introducidas pola encomenda ao Auditorio de Galicia da actividade cultural do Concello de Santiago efectuada polo Pleno do día 15 de abril de 2004.

A efectos dunha maior claridade e facilidade para a súa aplicación posterior, considérase a utilidade de non recoller simplemente os artigos que sofren modificación senón a aprobación dun novo texto articulado que é o seguinte.

### **TITULO PRELIMINAR**

#### **Artigo 1.**

a) Polo Concello de Santiago de Compostela, ao abeiro da facultade que lle confire o artigo 85 da LRBRL, crease e constitúese un organismo Autónomo Local de carácter administrativo, con personalidade xurídica e patrimonio especial, que se denominará Auditorio de Galicia que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

b) O Organismo Autónomo Auditorio de Galicia que se rexe polo Dereito Administrativo quedará adscrito á Concellería de Cultura.

#### **Artigo 2.**

O obxecto deste organismo é a elaboración, deseño e execución dos programas de actividades culturais de maior magnitude no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións, así como todas aquelas que lle encomende o Concello de Santiago.



Son competencia do AUDITORIO DE GALICIA as seguintes funcións:

- a) A programación de actividades culturais, artísticas, recreativas e congresuais de ámbito local, galego, español ou internacional, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.
- b) A promoción de Santiago de Compostela como sede para a celebración das actividades ou acontecementos citados no parágrafo anterior.
- c) Servir de canle ás iniciativas públicas ou privadas dirixidas á produción e difusión de servizos culturais en Santiago.
- d) Expor ás autoridades e organismos competentes as observacións e suxestións que consideren oportunas para mellorar e dinamizar a vida cultural de Santiago como capital de Galicia.
- e) Potenciar e promover as actividades encamiñadas a reforzar o sector turístico da cidade en consonancia cos obxectivos do Auditorio no sector congresos.
- f) Colaborar con outras entidades e organismos competentes en materias análogas ás que constitúen o obxecto do AUDITORIO.

### **Artigo 3.**

Para o cumprimento dos seus fins, o organismo autónomo local terá plena capacidade xurídica e de obrar con suxeición ás leis.

### **Artigo 4.**

O Organismo Autónomo Local, Auditorio de Galicia considerarase domiciliado legalmente a todos os efectos en Santiago de Compostela e terá a súa sede nas dependencias do Auditorio.

## **TÍTULO PRIMEIRO**

### **BASES XERAIS DE ORGANIZACIÓN**

#### **CAPÍTULO I**

#### **NORMA XERAL**

### **Artigo 5.**

A representación, goberno e administración do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia, baixo a alta inspección e tutela do Excmo. Concello de Santiago de Compostela encomendarase a:



- a) O Consello Reitor.
- b) Comisión Executiva.
- c) Presidente do Consello Reitor.
- d) Director Xerente.

O Consello Reitor poderá acordar a constitución de comisións asesoras para o estudo e informe dos asuntos da súa competencia. Formarán parte das mesmas os membros do propio Consello Reitor e aquelas outras persoas de recoñecido prestixio e experiencia en cuestións culturais, artísticas ou congresuais que o Consello designe.

## **CAPÍTULO II**

### **DA ALTA INSPECCIÓN E TUTELA**

#### **Artigo 6.**

No exercicio das súas facultades de alta inspección e tutela, ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela, corresponde:

- a) Aprobar os Estatutos do Organismo Autónomo Local.
- b) Nomear e constituír o Consello Reitor.
- c) Aprobar o orzamento do Organismo.
- d) Aprobar aqueles proxectos que leven anexa a expropiación forzosa.
- e) Aprobar a Ordenanza fiscal reguladora das taxas a percibir pola prestación dos servizos, así como as correspondentes tarifas.
- f) Autorizar a realización de obras de ampliación ou remodelación do edificio.
- g) Resolver as competencias e conflitos de atribucións que puideran presentarse entre os distintos órganos.
- h) Coñecer da constitución, organización, funcionamento, modificación e supresión de todos os servizos do establecemento, podendo formular as suxestións que cree pertinentes en orde aos mesmos.
- i) Aprobar o cadro de persoal.
- j) Acordar a extinción do Organismo Municipal Autónomo, no seu caso.



k) Todos aqueles que a lei vixente atribúa polas distintas disposicións legais.

### **CAPÍTULO III**

#### **DO CONSELLO REITOR E O SEU PRESIDENTE**

##### **Artigo 7.**

Ao Consello Reitor, como máximo órgano de dirección, correspóndelle elaborar as directrices de actuación do Organismo Autónomo e velar polo seu cumprimento, así como o resto das competencias que se recollen no articulado destes estatutos. E pode funcionar en Pleno e en Comisión Executiva.

O Consello Reitor, como órgano máximo de dirección do Auditorio de Galicia, asumirá as seguintes atribucións:

- a) Elaborar e aprobar as liñas xerais de actuación do organismo autónomo e, de ser o caso, da área de cultura.
- b) Informar a proposta de orzamento ordinario, da conta xeral, e das operacións de crédito.
- c) Constituír consorcios co Estado, Corporacións e Institucións Públicas, Organismos Autónomos e Corporacións Provinciais e Locais no suposto de que o Organismo sexa un dos entes consorciados.
- d) Celebrar concertos e convenios con Entidades públicas ou privadas e con particulares que non se refiran exclusivamente a contratación de servizos e adquisición de material.
- e) Aceptar doazóns.
- f) Aprobar o cadro e as bases para a contratación do persoal do Auditorio así como as retribucións do mesmo.

Todas cantas xestións afecten ao dominio ou titularidade do Organismo e que non estean atribuídas a outros órganos ou reservados ao Excmo. Concello.

O Consello Reitor en Pleno será nomeado polo pleno da Excma. Corporación Municipal e estará integrado por:

- a) O Alcalde ou concelleiro en quen delegue, cinco concelleiros, dúas persoas de recoñecido prestixio cultural, dous representantes das entidades patrocinadoras e o Director Xerente. En calquera caso, o Concelleiro de Cultura será membro do Consello Reitor.



b) O Presidente do Consello Reitor será o Alcalde da Corporación ou o concelleiro en quen delegue e ostentará a representación do Auditorio de Galicia, tanto na esfera nacional como internacional, nas relacións oficiais e particulares do mesmo e nos documentos públicos e privados que se outorguen, podendo delegar estas funcións nun dos Concelleiros membros do Consello Reitor ou da Comisión Executiva ou no Director-Xerente.

c) Ademais das sinaladas, as competencias do Presidente son:

- 1.- Convocar, presidir, suspender e levantar as súas sesións e dirixir as deliberacións.
- 2.- Dirimir os empates co seu voto de calidade.
- 3.- Exercer a inspección e dirección superior do servizo.
- 4.- Velar polo cumprimento dos acordos do Consello Reitor.
- 5.- Adoptar as medidas que procedan nos casos de urxencia, dando conta logo ao Consello Reitor.
- 6.- A contratación até a cantidade máxima de 30.000 euros.
- 7.- Abrir contas correntes en entidades bancarias.
- 8.- Aprobar as facturas e certificacións de obra que correspondan ao desenvolvemento normal do orzamento ordinario.
- 9.- Calquera outra función que lle delegue o Consello Reitor.

### **Artigo 8.**

A duración do mandato dos membros do Consello Reitor será a seguinte:

Concelleiros: catro anos, coincidindo co mandato da Corporación salvo que con anterioridade perdan dita condición.

Os outros membros de recoñecido prestixio cultural terán unha duración de catro anos, suxeitándose aos correspondentes períodos municipais. En calquera caso, se a designación se producise co mandato xa comezado, a duración será até o final do mesmo.

Os representantes das entidades terán unha duración acorde coa vixencia do convenio subscrito para o seu financiamento, posteriormente, a súa duración quedará supeditada á do respectivo convenio que pode firmarse coa mesma finalidade. Serán nomeados polo Presidente do Consello Reitor a proposta das entidades asinantes do convenio en cuestión.



### **Artigo 9.**

Os cargos de presidente e vocais do Consello Reitor terán dereito unicamente á percepción de axudas de custo, asistencias e indemnización de gastos ocasionados polo seu desempeño na forma e contía que sinala a Corporación Municipal.

### **Artigo 10.**

1. O Consello Reitor celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que o mesmo decida, no día e hora que sinala. Como mínimo deberá celebrar sesión ordinaria cada semestre.

2. Tamén se reunirá en sesión extraordinaria cando o presidente o considere necesario ou o solicite máis da metade dos seus membros.

3. A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias é competencia do presidente do Consello. Deberase realizar cunha antelación mínima de dous días e acompañarse da orde do día.

4. O secretario do Consello Reitor redactará as actas das sesións, onde se recollerá o lugar, día e hora en que teñan lugar, o nome e apelidos dos asistentes, os asuntos, a deliberación, un resumo das opinións emitidas e os acordos adoptados. Poderá nomear un axudante para este cometido.

5. Os acordos do Consello Reitor adoptaranse mediante votación ordinaria normalmente, e nominal nos casos que o Consello o estableza.

6. Para a válida adopción dos acordos dimanantes do Consello Reitor requirirase o voto favorable da maioría dos membros presentes nas sesións respectivas.

Para o non previsto nestes Estatutos será de aplicación a normativa prevista na Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo común no referente a Órganos Colexiados.

### **Artigo 11.**

1. A Comisión Executiva estará integrada polo Presidente, un Conselleiro, nomeado e separado libremente por aquel, dando conta ao Consello Reitor, e o Director Xerente.

2. A Comisión Executiva terá funcións de preparación e asesoramento para os asuntos competencia do Consello Reitor, así como a xestión cando sexa necesario dos asuntos que non sexan competencia do Consello Reitor, do presidente ou do director xerente. O seu réxime de sesións e adopción de acordos será o previsto para os órganos colexiados na Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo común.



3. En calquera caso, terá competencia para desenvolver a programación conforme as liñas xerais acordadas polo Consello Reitor e para contratar até a cantidade máxima de 300.000 euros, dando conta posteriormente ao Consello Reitor.

## **CAPÍTULO IV**

### **DO DIRECTOR XERENTE**

#### **Artigo 12.**

1. As competencias do Director Xerente do Auditorio de Galicia como órgano de dirección do mesmo son:

a) Promover a execución dos plans de actuación do Auditorio de Galicia, así como dos convenios de colaboración no seu caso.

b) Desempeñar a dirección das actividades e servizos do organismo.

c) Dispoñer os gastos e ordenar os pagos.

d) Elevar ao alcalde os estados de ingresos e gastos do organismo para a tramitación do proxecto de orzamentos do organismo

e) Remitir as contas para a súa tramitación

f) Elevar ao Consello Reitor para a súa aprobación, a memoria anual de actividades do organismo autónomo

g) Exercer en materia de persoal as atribucións que como Director dun organismo autónomo lle corresponden

h) Terá competencia para contratar até os 12.000 euros, dando conta ao Presidente do Consello Reitor.

i) Impartir as instrucións necesarias para a conservación do edificio e mobiliario adscrito ao Organismo.

j) Levar a cabo o seguimento das actuacións necesarias en materia de seguridade no Organismo.

k) Levar a cabo a formación do inventario dos bens e dereitos integrados no Organismo para a súa posterior remisión anual á Concellería de Cultura que efectuará a tramitación que legalmente corresponda.

l) Todas aquelas outras que se consideren necesarias para o desenvolvemento necesario das funcións encomendadas.



2. De serlle de aplicación ao Concello, o Título X da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Director Xerente terá a consideración de órgano directivo, estándose neste caso a efectos de nomeamento ás previsións contidas no artigo 127.1.i) da LRBRL.

## **CAPÍTULO V**

### **DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO**

#### **Artigo 13.**

Os actos dos órganos descritos poñen fin á vía administrativa, podendo utilizarse contra eles o réxime de recursos previsto na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## **CAPÍTULO VI**

### **DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE PERSOAL**

#### **Artigo 14.**

As bases da convocatoria así como a composición da comisión de selección de persoal serán aprobadas polo Consello Reitor, seguindo criterios análogos aos establecidos na administración municipal.

## **CAPÍTULO VII**

### **RÉXIME DE PERSOAL, PATRIMONIO E CONTRATACIÓN**

#### **Artigo 15.**

O réxime relativo ao persoal, patrimonio e contratación rexerese polo establecido nos artigos 47, 48 e 49 da Lei 6/1997, de 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, artigo 85 bis da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e demais normativa que no seu caso sexa de aplicación.

#### **Artigo 16.**

1. O persoal do organismo autónomo Auditorio de Galicia terá a condición de funcionario ou laboral segundo figure no correspondente cadro de persoal que, aprobada polo Consello Reitor, remitirase á alcaldía para a súa tramitación con motivo da aprobación anual do orzamento da Corporación.

2. A determinación e modificación das condicións retributivas, tanto sexa do persoal directivo, no seu caso, como do resto de persoal, deberán de axustarse en todo caso, as normas que ao respecto aprobe o Pleno ou a Xunta de Goberno Local dependendo da





aplicación ou non do Título X da Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local, debendo estar sometido a controis específicos sobre a evolución dos gastos de persoal e da xestión dos seus recursos humano pola Concellería de Cultura.

3. O Secretario e o Interventor do Concello desempeñarán as funcións de Secretario e Interventor deste Organismo. No momento de aplicación ao Concello de Santiago do Título X da LRBRL, se estará ás disposicións do mesmo para a adecuación dos postos do Secretario e Interventor ao Título sinalado.

## **CAPÍTULO VIII**

### **DO PATRIMONIO DO ORGANISMO AUTÓNOMO**

#### **Artigo 17.**

O Patrimonio do Organismo integrarase:

- a) Polo conxunto de bens mobles, inmobles, instalacións, servizos e semoventes que na actualidade forman a finca e o Auditorio de Galicia.
- b) Polos bens que no sucesivo adquira o Organismo por calquera dos medios admitidos en Dereito, coas mesmas características que os anteriores.

#### **Artigo 18.**

Os bens inmobles deberán inscribirse a nome do Concello de Santiago, se ben facendo constar na inscrición a súa adscrición ao cumprimento dos fins do Organismo Autónomo.

Os bens inmobles e mobles serán convenientemente inventariados, e todos debidamente valorados.

#### **Artigo 19.**

Recursos Económicos.-

Os recursos económicos do Auditorio de Galicia serán os seguintes:

1. Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio, así como os produtos e rendas do mesmo.
2. As subvencións que anualmente se poidan consignar ao seu favor nos orzamentos da Corporación.
3. As transferencias correntes ou de capital que procedan das Administracións ou entidades públicas.



4. O produto ou rendemento económico das súas propias actividades e as posibles apartacións económicas correspondentes ao financiamento de programas de actuación conxunta.

5. As adquisicións a título gratuito que se ordenen ao seu favor e calquera outro recurso que poidan serlle atribuídos.

## **CAPÍTULO IX**

### **DOS ORZAMENTOS E CONTABILIDADE**

#### **Artigo 20.**

A xestión do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia someterase ao réxime orzamentario e de contabilidade previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e lexislación de desenvolvemento.

## **TÍTULO SEGUNDO**

### **EXTINCIÓN DO ORGANISMO AUTÓNOMO**

#### **CAPITULO ÚNICO**

#### **CAUSAS**

#### **Artigo 21.**

O Organismo extinguirase mediante acordo adoptado polo pleno do Concello de Santiago e por algunha das seguintes causas:

- a) Por cumprimento do fin para o que se constituía.
- b) Por imposibilidade de aplicar a este, a actividade e medios dos que dispón.
- c) Porque o cumprimento dos seus fins sexan asumidos por outros servizos das diversas Administracións Públicas.

#### **Artigo 22.**

Ao se disolver o Organismo Directivo, o Concello de Santiago sucederalle universalmente.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**



Permanecerán vixentes os nomeamentos efectuados no seu momento do conxunto de persoal do Auditorio de Galicia e que figuran na relación de postos de traballo aprobada polo pleno da corporación nos últimos orzamentos anuais.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA**

Os nomeamentos efectuados para formar parte dos diversos órganos de goberno e administración do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia seguirán vixentes en tanto en cuanto non se proceda a efectuar novos nomeamentos de acordo ao establecido nos artigos correspondentes deste estatuto.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA**

Mentres que non sexa de aplicación ao Concello de Santiago o Título X da LRBRL o Director Xerente previa oferta pública ao respecto e de acordo coas bases que se aproben, será nomeado e cesado, a proposta do Presidente e previo informe do Consello Reitor, pola Xunta de Goberno Local.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Estes Estatutos unha vez tramitados regulamentariamente e aprobados entrarán en vigor de acordo cos prazos establecidos na lexislación de réxime local, e dítanse en base ao artigo 85 bis e disposición transitoria terceira da Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2004

O alcalde

Asdo: D. Néstor Rego Candamil

P.D. (Decreto de data 13/09/04)